



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Número 150
7 de xuño de 2021



CSV: BOPGDSPBVOHN65KV8

Verificación:

<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.2. Proposicións de lei

Cualificación das emendas ao articulado presentadas á Proposición de lei de reforma da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero

Emendas ao articulado:

— Do G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 16669)

[58300](#)

— Do G. P. Popular de Galicia (doc. núm. 16672)

[58303](#)

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 3ª, ECONOMÍA, FACENDA E ORZAMENTOS

Aprobación por unanimidade con modificacións

- 15735 (11/PNC-001572)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para solicitarlle ao Goberno central a revisión das prestacións por coidado de menores recollidas no Real decreto 1148/2011, do 29 de xullo, para a aplicación e o desenvolvemento, no sistema da Seguridade Social, da prestación económica por coidado de menores afectados por cancro ou outra enfermidade grave

[58297](#)

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.2. Recursos humanos

Resolución da Presidencia, do 4 de xuño de 2021, pola que se aproba e se fai pública a relación provisional de persoas admitidas e excluídas ao proceso selectivo para o ingreso por promoción interna en dúas prazas do corpo administrativo do Parlamento de Galicia.

[58298](#)



1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.2. Proposicións de lei

Cualificación das emendas ao articulado presentadas á Proposición de lei de reforma da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero

A Mesa da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, na súa sesión do día 3 de xuño de 2021, adoptou o seguinte acordo:

Cualificación das emendas ao articulado presentadas á Proposición de lei de reforma da lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero

Examinados os escritos presentados e dado que se axustan aos requisitos establecidos no Regulamento da Cámara, acorda a súa admisión co seguinte detalle:

Emendas ao articulado:

- Do G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 16669)
- Do G. P. Popular de Galicia (doc. núm. 16672)

Santiago de Compostela, 4 de xuño de 2021
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

A Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, na súa sesión do 4 de xuño de 2021, adoptou os seguintes acordos:

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 3ª, ECONOMÍA, FACENDA E ORZAMENTOS

Aprobación por unanimidade con modificacións

- 15735 (11/PNC-001572)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para solicitarlle ao Goberno central a revisión das prestacións por coidado de menores recollidas no Real decreto 1148/2011, do 29 de xullo, para a aplicación e o desenvolvemento, no sistema da Seguridade Social, da prestación económica por coidado de menores afectados por cancro ou outra enfermidade grave
BOPG nº 138, do 12.05.2021



Sométese a votación e resulta aprobada con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que se dirixa ao Goberno de España co fin de promover a revisión das prestacións polo coidado de menores afectados por cancro ou outra enfermidade grave recollidas no Real decreto 1148/2011, do 29 de xullo, para a aplicación e desenvolvemento, no Sistema da Seguridade Social, da prestación económica por coidado de menores afectados por cancro ou outra enfermidade grave, para que se modifique o artigo 7.3, eliminando a letra "d) Por facer o menor 18 anos", e se analicen e valoren, no marco do Pacto de Toledo, as circunstancias que poidan requirir o mantemento ás familias da dita prestación aínda cando a persoa afectada pola enfermidade fíxese os 18 anos.»

Santiago de Compostela, 4 de xuño de 2021

María Montserrat Prado Cores

Vicepresidenta 2ª

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.2. Recursos humanos

Resolución da Presidencia, do 4 de xuño de 2021, pola que se aproba e se fai pública a relación provisional de persoas admitidas e excluídas ao proceso selectivo para o ingreso por promoción interna en dúas prazas do corpo administrativo do Parlamento de Galicia.

Mediante Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia do 10 de maio de 2021 (BOPG núm. 139, do 14 de maio de 2021) convocouse o proceso selectivo, e aprobáronse as bases que o rexen, para o ingreso por promoción interna en dúas prazas do corpo administrativo do Parlamento de Galicia.

Transcorrido o prazo de presentación de solicitudes, e unha vez examinadas todas elas coa documentación achegada, ao abeiro do establecido na base cuarta, da referida convocatoria,

RESOLVO:

1º. Aprobar a relación provisional de persoas admitidas e excluídas, segundo figura no documento anexo.

2º. Ordenar a publicación desta Resolución no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, e na páxina web do Parlamento de Galicia.

Santiago de Compostela, 4 de xuño de 2021

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente do Parlamento de Galicia



ANEXO

A) RELACIÓN DE PERSOAS ADMITIDAS

Nº	APELIDOS	NOME	DNI
1	LÓPEZ GÓMEZ	MARINA	***6719 **
2	LORENZO SANTALUCÍA	MARINA IRENE	***5265 **

B) RELACIÓN DE PERSOAS EXCLUÍDAS PROVISIONALMENTE

Non hai persoas excluídas.



**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO
SOCIALISTAS DE GALICIA AO PROPOSICIÓN DE LEI DE REFORMA DA
LEI 11/2007, DO 27 DE XULLO, GALEGA PARA A PREVENCIÓN E O
TRATAMENTO INTEGRAL DA VIOLENCIA DE XÉNERO (NUM. EXPE.
11/PPL-000006).**

Emenda nº1, ao apartado Un, de Modificación. Artigo único

Na epígrafe Un, onde di: "...como o homicidio ou asasinato das fillas ou dos fillos da muller por quen é ou foi o seu cónxuxe ou por quen ...", debe dicir: "... como a violencia que co obxecto de causar prexuízo ou dano ás mulleres se exerza sobre os seus familiares ou persoas achegadas menores de idade por quen ..."

Emenda nº2, ao apartado Dous.g), de Modificación. Artigo único

Na epígrafe Dous, letra g), *ab initio*, onde di: "g) O homicidio ou asasinato das fillas ou fillos da muller por quen ...", debe dicir: "g) A violencia que co obxectivo de causar prexuízo ou dano ás mulleres se exerza sobre os seus familiares ou persoas achegadas menores de idade por quen ..."

Emenda nº3, ao apartado Catro, de Supresión. Artigo único

A epígrafe Catro, débese suprimir.

Emenda nº4, de Modificación. EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Propónse una nova redacción para o primeiro parágrafo da exposición de motivos que quedará redactado do seguinte xeito:



"Defínese a violencia vicaria como aquela violencia exercida sobre os familiares ou persoas achegadas menores de idade para ferir a muller, causando o dano a través de *interpósita* *persoa* e que alcanza o seu grao máis elevado de crueldade e de expresión co homicidio ou asasinato deses menores."

Emenda nº5, de Modificación. EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No segundo parágrafo desta exposición, onde di: "... de non recoñecer o homicidio ou asasinato das fillas e dos fillos da muller ...". debe dicir: "... de non recoñecer a violencia exercida sobre os seus familiares ou persoas achegadas menores de idade .."

Emenda nº6, de Modificación. EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No cuarto parágrafo, onde di: "... tiveron que padecer o homicidio ou asasinato das súas fillas ou fillos por parte ...", debe dicir: "... tiveron que padecer a violencia exercida sobre os seus familiares ou persoas achegadas menores de idade para causarlle dano a elas por parte ..."

Emenda nº7, de Modificación. EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No cuarto parágrafo, onde di: "..., así como recoñecendo explicitamente o homicidio ou asasinato das fillas ou fillos da muller como unha forma ...", debe dicir: "... así como a violencia exercida sobre os familiares ou persoas achegadas menores de idade da muller para causarlle dano por *interposita* *persoa* como unha forma ..."

Emenda nº8, de Adición. EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Débase engadir *in fine* na exposición de motivos, o seguinte texto: "..., ao abeiro do disposto no artigo 9.3 da Constitución española e no artigo 2.3 do Código civil."





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/05/2021 13:32:05
Nº Rexistro: 16669
Data envío: 28/05/2021 13:32:05.926

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Caballero Míguez na data 28/05/2021 13:31:51

CSV: BOPGDSPGBVOHN5Kv8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR
DE GALICIA AO PROPOSICIÓN DE LEI DE REFORMA DA LEI 11/2007, DO
27 DE XULLO, GALEGA PARA A PREVENCIÓN E O TRATAMENTO
INTEGRAL DA VIOLENCIA DE XÉNERO (NUM. EXPE. 11/PPL-000006).**

Emenda nº1, ao apartado Un, de Substitución. Artigo único

Substitúese o apartado Un, do artigo único, que pasa a estar redactado como segue:

Un. Engádese un novo parágrafo a continuación do artigo 1.2 co seguinte contido:

“Inclúese dentro do concepto de violencia de xénero a violencia vicaria, entendida esta como o homicidio ou asasinato das fillas ou fillos da muller, así como de calquera outra persoa estreitamente unida a ela, coa finalidade de causarlle maior dano psicolóxico por parte de quen sexa ou fose o seu cónxuxe ou por quen mantivo con ela unha relación análoga de afectividade aínda sen convivencia.”

Emenda nº2, ao apartado Dous, de Substitución. Artigo único

Substitúese o apartado Dous, do artigo único que pasa a estar redactado como segue:

Dous. A letra g) do artigo 3 pasa a ter a seguinte redacción:

“g) O homicidio ou asasinato das fillas ou fillos da muller, así como de calquera outra persoa estreitamente unida a ela, coa finalidade de causarlle maior dano psicolóxico por parte de quen sexa ou fose o seu cónxuxe ou por quen mantivo con ela unha relación análoga de afectividade aínda sen convivencia”.

Emenda nº3, ao apartado Cuatro, de Substitución. Artigo único



Substitúese o apartado Catro do artigo único, que pasa a estar redactado como segue:

Catro. Engádese unha letra h) ao artigo 5 co seguinte contido:

“h) Sentenza condenatoria na orde penal por homicidio ou asasinato das fillas ou fillos da muller así como de calquera outra persoa estreitamente unida a ela, por quen sexa ou fose o seu cónxuxe ou por quen mantivo con ela unha relación análoga de afectividade aínda sen convivencia.”

Emenda nº4, de Substitución. EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Substitúese a exposición de motivos polo seguinte texto:

Defínese a violencia vicaria como aquela violencia que se exerce sobre a muller co fin de causarlle o maior e máis grave dano psicolóxico a través de terceiras ou “interpósitas persoas” e que acada o seu grao máis elevado de crueldade co homicidio ou asasinato desas persoas (fillos e fillas, nai, pai parella actual etc).

Cada vez hai máis estudos, informes e xurisprudencia nos tribunais, que en aplicación do establecido no artigo 49.2 do Convenio de Estambul, aplicando en consecuencia a perspectiva de xénero, recoñecen e se pronuncian ao respecto destes casos como unha manifestación máis de violencia de xénero, pois os estudos están a demostrar que a única finalidade de tales actos é causar o maior sufrimento psicolóxico e na saúde da muller que sofre este tipo de violencia vicaria, de forma que, recoñecer o homicidio ou asasinato das fillas ou fillos da muller, así como de calquera outra persoa estreitamente unida a ela coa intención de causarlle o máximo dano e padecemento, supón afianzar o Estatuto de protección integral de vítima de violencia de xénero.

Esta é a razón pola que na medida 139 do Pacto do Estado contra a Violencia de Xénero acordouse “Facer extensivos os apoios psicosociais e dereitos laborais, as prestacións da Seguridade Social, así como os dereitos económicos recollidos na Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero, a quen





padecesen violencia vicaria ou violencia «por interpósita persoa».

Por todo isto, faise aconsellable a modificación da Lei 11/2007, de 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, para recoñecer como vítimas de violencia de xénero aquelas mulleres que teñen ou tiveron que padecer o homicidio ou asasinato das fillas ou fillos da muller ou de calquera outra persoa estreitamente unida a ela, por parte de quen sexa ou fose o seu cónxuxe ou por quen mantivo con ela unha relación análoga de afectividade aínda sen convivencia, ampliando en consecuencia o concepto de violencia de xénero no artigo 1 da Lei, así como recoñecendo explicitamente este tipo de violencia como unha forma de violencia de xénero recolléndoa como tal no artigo 3 da Lei.


Así mesmo, co fin de outorgar o estatuto de vítima de violencia de xénero as mulleres que no pasado sufriron a violencia vicaria que nesta Lei se define, daráselle carácter retroactivo á Lei para que todas elas sexan recoñecidas como vítimas de violencia de xénero e se lles outorgue a protección que ese estatuto lles ofrece, e que non foi outorgado no seu momento por falta de aplicación da perspectiva de xénero nos procedementos levados a cabo e por non entender a violencia vicaria como unha manifestación da violencia de xénero.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 28/05/2021 14:11:11

Paula Prado del Río na data 28/05/2021 14:11:27





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

